

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 26 DE XANEIRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o proxecto industrial estratéxico dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis (A Coruña), promovido por Galicia Green Data Center, S.L.
- Acordo polo que se toma razón do estado de tramitación do Plan director da industria das TIC, e da petición de informe ao Consello Económico e Social.
- Acordo polo que se declara o parque eólico Arno (86,8 MW) promovido por Mowe Eólica 1, S.L.U., como proxecto cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, cunha función vertebradora e estruturante do territorio.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a licitación do contrato das obras de construción dun edificio para 49 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela 13 do Sector PP-1-R do Bertón, Concello de Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación e un valor estimado de oito millóns cento vinte e un mil oitocentos setenta euros con vinte e sete céntimos (8.121.870,27€) sen IVE.
- Acordo polo que se toma razón do Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón do balance de execución do proxecto Xenoma Galicia.
- Acordo polo que se aproba o Plan de dotación de equipamento do Centro Galego de Protonterapia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Escola Galega de Administración Pública para a realización de actividades de formación en lingua galega para os anos 2026 e 2027 por importe de cincocentos setenta e catro mil catrocentos trinta e un euros (574.431,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos do "Centro Tecnolóxico do Mar" Fundación CETMAR.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a posta en marcha dun programa educativo en materia de residuos e economía circular no ámbito escolar galego.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o primeiro ano de funcionamento dos centros de crise 24 horas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: "Rolda Sur-Oeste de Ordes" (N-550 – AC-413).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados/as en unidades asistenciais con especialización en drogodependencias.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe balance do ano Castelao 2025.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas.
- Informe sobre a convocatoria do Programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a convocatoria das axudas para apoiar iniciativas de emprendemento.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria de axudas á apicultura para o ano 2026.
- Informe sobre a Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta de produtores forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común de España 2023-2027, e se convocan para o ano 2026.
- Informe sobre as axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto.
- Informe sobre a avaliación dos efectos para Galicia do Acordo da UE co Mercosur e a repercusión das salvagardas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o estudo e análise da internacionalización do sector mar-industria galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA O AVANCE DA XUNTA NO DESENVOLVEMENTO DO XACOBEO 2027 APROBANDO O MANUAL DE USO DA FUTURA MARCA DA CELEBRACIÓN

- Destaca que o Goberno galego dá “un paso máis” na planificación “dun dos eventos que vai ser fundamental para Galicia en todos os sentidos”
- O novo manual, que establece as distintas formas de “aplicar o logotipo en todas as súas accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas”, engádese ao traballo realizado ata o momento polo Goberno galego para o desenvolvemento do programa de beneficios fiscais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a “aprobación por parte do Consello da Xunta do decreto que regula a utilización da marca Xacobeo 2027”, mediante o cal se obriga os departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, os seus organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos, fundacións do sector público autonómico e sociedades mercantís públicas autonómicas, a utilizar como elementos adicionais os símbolos da marca Xacobeo 2027.

A Xunta de Galicia, tal e como explicou, “dá un paso máis” de cara á materialización de toda a organización do Xacobeo 2027, “un dos eventos que vai ser fundamental para Galicia en todos os sentidos”, asegurou. Así, destacou que, tal e como se viu en Fitur, “o sector turístico está a vivir un dos seus mellores momentos”, tendo en conta –a falta de datos pechados– os máis de 8,5 millóns de viaxeiros aloxados na comunidade o pasado ano e as máis de 530.000 compostelas entregadas. “E hai boas perspectivas tamén para este ano 2026 segundo nos sinalan os profesionais”, apuntou o presidente da Xunta.

Así, tras a aprobación agora deste manual tomando como base a proposta de logotipo que xa lle avanzou ao Ministerio a través do Consello Xacobeo, está pendente que este órgano convoque a reunión en que se cree a comisión que o aprobe.

Este novo decreto da Xunta súmase ao traballo realizado ata agora para facer efectivo o programa de beneficios fiscais que favorecerá as empresas que apoién este evento. Neste sentido, o Goberno galego vén traballando desde xuño de 2024, no marco da Comisión Executiva do Consello Xacobeo, instando o Goberno central para que actuase para que as empresas que apoién o Xacobeo 2027 teñan beneficios fiscais.

A norma aprobada hoxe dirixe o manual básico, que figura como anexo do decreto, para ver as distintas formas de “aplicar o logotipo en todas as súas accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas”, e obriga á súa utilización ata o 31 de decembro de 2028. A marca do Xacobeo 2027 aplicarase tamén sempre á adquisición, reposición ou reedición de todo elemento divulgativo do evento.

O decreto destaca a necesidade de que o Goberno galego e as demais entidades do sector público de Galicia, nas súas relacións de colaboración con outras administracións ou entidades dependentes, esixan sempre que o seu obxecto o permita, que se faga constar a marca do Xacobeo 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda apuntou que “a utilización de dita marca por persoas físicas ou xurídicas, entidades e institucións non integrantes da Administración xeral e do sector público autonómico da Comunidade Autónoma requirirá solicitude dirixida á Axencia de Turismo de Galicia”, que é a competente para outorgar as correspondentes licenzas e autorizacións.

Ademais, o decreto recolle que a Xunta de Galicia e as demais entidades do sector público autonómico de Galicia fomentarán o emprego polas entidades locais galegas da marca, informándoas sobre a posibilidade de solicitar a oportuna autorización para o seu uso en todas as súas actuacións, especialmente nas de comunicación pública e promoción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO O PRIMEIRO GRAN CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS DE GALICIA, QUE ACOLLERÁ O CONCELLO CORUÑÉS DE CURTIS

- A iniciativa, que conta cun investimento de 37 millóns de euros e prevé a creación de 130 empregos nas fases de construción e funcionamento, podería estar operativa a finais do ano 2027
- Trátase do cuarto PIE aprobado polo Goberno autonómico e dotará a Galicia de soberanía sobre o control de datos da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta aprobou como proxecto industrial estratéxico o centro de procesamento de datos impulsado pola empresa Galicia Green Data Center no concello coruñés de Curtis. Este é o cuarto proxecto estratéxico a que o Goberno galego dá o visto e praxe, sumándose ao da planta de produción de metanol verde de Triskelion en Mugar dos, á de manipulado e envasado de peixe de Stolt Sea Farm en Rianxo e á de fabricación de carbón vexetal promovido por Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U. (Xeal) no municipio de Dumbría.

Galicia contará deste xeito coa primeira infraestrutura destas características, que terá capacidade para aloxar os datos das empresas e institucións galegas. O futuro centro de procesamento dotará de soberanía sobre o control dos datos da Comunidade Autónoma, ademais de permitir avanzar na consecución dun modelo económico dixital e sustentable.

O proxecto, que se asentará en catro parcelas do polígono industrial Curtis-Teixeiro, conta cunha superficie de 40.155 m² e estará composto dun centro de procesamento de datos TIER III de ata 15MW IT formado por un edificio dividido en tres salas diferentes cunha superficie por sala de aproximadamente 1.667 m². Inclúe, así mesmo, unha subestación eléctrica transformadora (SET) anexa ao data center e unha conexión principal cunha liña subterránea de 66kV e unha subministración secundaria de 15 kV.

A empresa Galicia Green Data Center ten previsto executar a construción do centro de datos en tres fases. A primeira delas arrancará no primeiro semestre deste ano e conta cun investimento de 37 millóns de euros para a construción da urbanización, garita de acceso, edificio destinado a oficinas e a primeira sala do centro en que se implantarán 2 MW inicialmente. E nunha segunda etapa desta primeira fase implantaranse os 3 MW restantes. A previsión dos promotores pasa por crear 130 empregos directos na fase de construción e de 45 postos de traballo cando o proxecto entre en funcionamento, para o que se prevé como data finais do ano 2027.

A segunda e terceira fase corresponderíanse coa posta en marcha das dúas salas restantes que albergarán 5MW cadansúa ata completar os 15 MW totais con que vai contar a infraestrutura de Curtis.

Esta actuación contribúe ao impulso das TIC e ao desenvolvemento dun sector industrial máis competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado; avanza cara a unha Galicia máis ecolóxica e sustentable, e apoia o reto demográfico xerando

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

arraigamento e atracción de talento.

Con respecto á entidade promotora, Galicia Green Data Center, que forma parte do grupo internacional Ingenostrum, nace no ano 2024 co obxectivo de desenvolver proxectos de centros de datos, así como servizos de enxeñarías e intermediación e xestión para a obtención de financiamento de proxectos de centros de datos sustentables.

18 proxectos industriais estratéxicos declarados

Tras o visto e prace de hoxe ao proxecto de Galicia Green Data Center, a comunidade vai contar con catro proxectos industriais estratéxicos aprobados e 14 iniciativas declaradas, entre as que están a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña) ou a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga, entre outros. Os PIE declarados e os aprobados, 18 en total, suman unha mobilización global de preto de 3.000 millóns de euros (2.907,82M€) e máis de 4.700 postos de traballo (4.715).

O centro de procesamento de datos de Curtis está incluído no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, dirixido a impulsar e facilitar a implantación e ampliación en Galicia de iniciativas que creen riqueza e contribúan ao desenvolvemento do tecido empresarial e industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA DAS TIC CO OBXECTIVO DE CONSOLIDAR GALICIA COMO REFERENTE EUROPEO EN DIXITALIZACIÓN E FACILITAR A TRANSICIÓN CARA UNHA ECONOMÍA VERDE E DIXITAL

- O Goberno galego destinará recursos ata o ano 2028 para a posta en marcha de medidas que reforcen un sector que representa o 2,5 % do produto interior bruto (PIB) galego e factura máis de 3.700 millóns de euros anuais
- A industria das TIC, formada por 3.108 empresas, foi declarada estratéxica da economía galega en febreiro do 2024 e posiciona a comunidade como a sexta en emprendemento, con 229 startups e 15 empresas xa consolidadas (scaleups)
- O borrador do anteproxecto será remitido a todos os axentes que participaron na súa elaboración para que presenten as súas achegas, e solicitarase informe ao Consello Económico e Social e ao Consello Galego de Economía e Competitividade antes da súa aprobación definitiva

O Consello da Xunta tomou razón esta mañá dos avances na tramitación do Plan director da industria das TIC 2026-2028, un sector que foi declarado estratéxico en febreiro do 2024 polo seu impacto na economía galega e que aspira a consolidar Galicia como un referente europeo en dixitalización, a facilitar a implantación de modelos de produción máis respectuosos co ambiente e xerar emprego de calidade. Tras o seu paso polo Consello de hoxe, o borrador do anteproxecto será remitido a todos os organismos que participaron na súa elaboración para que presenten as súas achegas e solicitarase informe ao Consello Económico e Social e ao Consello Galego de Economía e Competitividade antes da súa aprobación definitiva.

O sector das TIC representa o 2,5 % do produto interior bruto (PIB) e o 2,2 % do emprego en Galicia gracias ás 3.108 empresas que están asentadas na comunidade e cuxa facturación ascendeu en 2024 a 3.714 millóns de euros. O ritmo de crecemento experimentado polo sector desde o ano 2020 foi do 21 % o que supuxo a entrada de 4.000 novos profesionais e que as afiliacións á Seguridade Social medrasen ata as 23.467. Outra das fortalezas desta industria é a alta participación do sector en programas europeos de I+D+i, que posicionan Galicia como a 6ª comunidade en emprendemento, con 229 startups e 15 empresas xa consolidadas (scaleups).

Ante este escenario, o borrador do anteproxecto do Plan director do sector das TIC persegue incrementar a súa modernización e competitividade mediante a incorporación e desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes dixitais e potenciando novas políticas de innovación e sustentabilidade. Para iso, o documento inclúe dous obxectivos estratéxicos, seis eixes de actuación e oito ámbitos de prioridades que, pola súa vez, incorporan unha batería de medidas pendente de pecharse. Tamén prevé un seguimento das accións para desenvolver, que se realizará conxuntamente co sector, e permitirá a súa adaptación ou redefinición, de maneira que os axustes realizados se plasmarán nas futuras actualizacións e modificacións do dito plan que se consideren necesarias facer.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O plan elaborouse logo dun proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector que se desenvolveu a través dun convenio de colaboración co Clúster TIC de Galicia e no cal tomaron parte empresas, clústeres e asociacións industriais, centros tecnolóxicos, universidades, colexios profesionais, organizacións sindicais e empresariais, ademais da propia Administración pública. Ademais, levouse a cabo unha consulta pública a través do portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas.

Nove sectores declarados estratéxicos

O Goberno galego ten declarados nove sectores como estratéxicos para a economía, ademais do sector das TIC. Son os seguintes: a automoción e da construción naval, que xa contan con cadanseu plan director aprobado; o sector forestal, a industria alimentaria, a da función loxística, o sector da construción, o metalmecánico e o sector téxtil e da confección.

A elaboración dos plans directores dos sectores declarados estratéxicos forma parte da estratexia de promoción industrial da Consellería de Economía e Industria e complementa o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais co obxectivo de facilitar o proceso de transformación das industrias galegas e impulsar novas oportunidades de negocio que xeren riqueza e emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO TERCEIRO PARQUE EÓLICO QUE DEIXARÁ UNS BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS NO TERRITORIO QUE RONDARÁN OS 5 M€

- O parque eólico Arno, de tramitación ministerial, subministrará enerxía a prezo competitivo á planta de produción de silicio metálico de alta pureza do Grupo Ferroatlántica en Sabón (A Coruña)
- Seguindo a Lei de recursos naturais de Galicia, a instalación desta infraestrutura incorporará un plan de acción do cal se poderán beneficiar máis de 12.000 veciños e veciñas dos 5 concellos en que se localizará e que inclúe desde axudas para formación, rebaixas na factura da luz e do gas ou axudas para emprendedores, entre outras

O Consello da Xunta aprobou hoxe declarar o parque eólico Arno como proxecto cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, o que permitirá a súa execución fóra das áreas de desenvolvemento enerxético (ADE). É a terceira declaración de excepcionalidade que se realiza desde a entrada en vigor da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, máis coñecida como Lei de recursos naturais, logo das concedidas aos proxectos Greco e Baro o pasado mes de agosto.

O parque Arno, de tramitación ministerial, está promovido por Mowe Eólica 1, S.L.U. e a súa construción fará posible subministrar enerxía máis barata á planta de produción de silicio metálico de alta pureza que ten o Grupo Ferroatlántica en Sabón (A Coruña), ademais de beneficiar a veciñanza dos municipios máis próximos a esta infraestrutura renovable, os concellos lucenses de Riotorto, A Pastoriza, Meira, Pol e Castro de Rei, a través dun plan de acción que inclúe medidas de apoio para o desenvolvemento socioeconómico por importe de 4.680.150€.

No marco da nova política da Administración galega que exige que calquera proxecto, ademais de ser ambientalmente viable, deba asegurar a xeración de riqueza social e económica na zona onde se implante, os promotores do proxecto Arno subministrarán á planta coruñesa polo menos o 80 % da enerxía producida a través de contratos de compravenda (PPA) que terán unha duración mínima de 10 anos. Estímase que os aforros na factura eléctrica ao longo da vida dos contratos PPA (10 anos) superará os 5,5 millóns de euros o que facilitaría a competitividade da planta coruñesa.

Así mesmo, e no marco do plan de medidas socioeconómicas que establece a Lei de recursos naturais de Galicia, o parque eólico de Arno incorpora un amplo abano de medidas destinadas a beneficiar os preto de 12.000 residentes dos cinco concellos nos que se vai localizar esta infraestrutura renovable. Entre elas, aforros na factura da luz e do gas tanto para a veciñanza (de ata 150 euros anuais) como para as pemes (ata un máximo de 300 euros/ano); axudas para a formación e a adquisición de libros de texto; créditos a tipo cero para emprendedores, ou axudas para os centros de maiores, instalacións municipais ou para a prevención de incendios, entre outras. Ademais, na construción do parque, o promotor deberá priorizar a contratación de man de obra local e fomentar a inserción laboral de mulleres e persoas mozas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nova política enerxética

Esta medida de excepcionalidade forma parte da política enerxética da Xunta que incorpora, ademais, outras como a repotenciación, que nos próximos anos permitirá reducir nun 80 % o número de aeroxeradores en Galicia, pasando de 3.000 a uns 600 muíños. Na actualidade, a Xunta está a tramitar a repotenciación de sete parques eólicos que, no caso de que finalmente sexan autorizados, permitirá eliminar 222 aeroxeradores, pasando dos 259 que teñen a día de hoxe a só 37 e, ademais, mantendo a mesma potencia (máis de 190 MW). Cómpre lembrar que entre 2024 e 2025 a Xunta aprobou a repotenciación doutros nove parques eólicos en Galicia, dos cales tres xa están nestes momentos en obras. De feito, estímase que coa execución dos sete proxectos actualmente en tramitación e dos nove autorizados, estes 16 parques pasarán de producir 1.108.000 MWh/ano a 1.495.000 MWh/ano, o que equivale ao consumo eléctrico anual de 373.750 familias (máis que as poboacións das cidades da Coruña e Santiago xuntas).

A potencia eólica instalada en Galicia é de 4.022 MW entre 194 parques en funcionamento. Porén, das 140 instalacións autorizadas e sen operar (incluídos os nove proxectos de repotenciación), un total de 92 cunha potencia de 2.512 MW están afectadas por recursos xudiciais. Esta situación ten un impacto directo nos obxectivos galegos de descarbonización, xa que só coa execución destes proxectos xudicialmente bloqueados se evitaría a emisión de case 2,5 millóns de toneladas de CO₂ anuais, o que supón a cuarta parte do que Galicia debe reducir para acadar a neutralidade climática.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR MÁIS DE 8,1 M€ DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 49 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BERTÓN, EN FERROL

- Construiranse nunha parcela urbanizada pola Xunta de Galicia e da súa propiedade
- Esta é a oitava promoción de vivendas públicas que se pon en marcha en Ferrol
- O Goberno galego segue avanzando na construción de nova vivenda pública, tendo en marcha a Xunta un total de 353 novas vivendas na cidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato para a construción de 49 vivendas de promoción pública na parcela 13 do Bertón, en Ferrol.

Esta é a oitava promoción de vivendas públicas que a Goberno galego pon en marcha na cidade, e estes novos fogares construíranse na parcela 13 do polígono do Bertón, urbanizada pola Xunta.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) investirá 8.121.870 no contrato, que será licitado nas vindeiras semanas.

Segundo as determinacións do planeamento urbanístico, o edificio de nova planta configurarase en dous bloques continuos diferenciados de altura (de 4 e 5 plantas), ambos con cuberta plana, cumprindo coa continuidade das liñas de cornixa establecida na ordenación do plan parcial.

Así, a altura do edificio é de catro e cinco plantas, cunha planta soto baixo rasante. Os usos previstos distribúense por plantas, dispoñéndose os garaxes e rochos na planta soto, as vivendas nas plantas superiores, e reservando os espazos de planta baixa para o desenvolvemento dos portais de acceso ás vivendas, rochos e outros usos comerciais distintos aos residenciais.

Os tipos de vivenda definidos na proposta corresponden a vivendas de 2 e 3 dormitorios, con superficies diferenciadas segundo a súa localización, vivendas de 4 dormitorios e vivendas adaptadas de 3 dormitorios.

A Xunta ten actualmente en obras no Bertón dous bloques de 24 vivendas cada una, e este mesmo mes de xaneiro licitou a execución doutro novo edificio de 75 vivendas aos que se sumará esta promoción de 49 vivendas.

O Goberno galego segue avanzando na construción de nova vivenda pública en Ferrol, tendo en marca a Xunta un total de 353 novas vivendas na cidade.

A estratexia de solo residencial da Xunta prevé solo tamén para un total de 1.200 vivendas en Ferrol. Xa existe solo para 982 desas vivendas, polo que será necesario desenvolver solo para outras 218, aproximadamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA COMPROMETE PRETO DE 2.000 M€ EN VIVENDA ATA 2030, O QUE PERMITIRÁ AMPLIAR O PARQUE PÚBLICO RESIDENCIAL A 10.000 INMOBLES

- Destaca que o Consello aprobou o II Pacto de vivenda de Galicia, que favorecerá un impacto laboral de arredor de 60.000 postos de traballo
- O 82,67% do investimento procederá de fondos propios da comunidade autónoma, que acadarán os 1.630 M€
- A Xunta prevé 2.000 novas vivendas públicas nos vindeiros catro anos
- A conselleira de Vivenda enmarca este Pacto na folla de ruta da Xunta que inclúe “construír, rehabilitar e desenvolver solo residencial”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o II Pacto de vivenda de Galicia, polo que o Executivo autonómico “vai investir preto de 2.000 millóns de euros” neste eido “entre 2026 a 2030”.

Tal e como explicou, a previsión é que estes fondos públicos destinados pola Xunta á vivenda permitan “mobilizar outros 5.000 millóns por parte de empresas e particulares e crear ou manter milleiros de postos de traballo -arredor de 60.000-”.

A meirande parte deste investimento procederá de fondos propios da comunidade autónoma, segundo explicou. Serán 1.630 millóns de euros, que supoñen o 82,67% do total. Os fondos estatais acadarán a cifra de 241 millóns e os europeos os 100 millóns de euros.

O novo Pacto de vivenda exemplifica a actuación política do Goberno galego en materia de vivenda, construído desde o consenso e a participación de todos os axentes implicados, para garantir e asegurar a eficacia na aplicación e efectividade das medidas adoptadas. “Temos unha folla de ruta clara que inclúe construír, rehabilitar e desenvolver solo”, indicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O II Pacto de vivenda de Galicia foi xestado no marco do Observatorio da vivenda de Galicia, no cal están representados todos os colectivos que teñen algún tipo de relación co sector: FEGAMP, Federación de Promotores de Galicia, Federación Galega da Construción, a Unión Galega de Cooperativas de Vivenda, os consumidores, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Consello Galego de Arquitectura Técnica, Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria, así como a Xunta.

Rueda salientou que o novo Pacto de vivenda establece un novo compromiso en materia de vivenda de promoción pública. “Adquirimos o compromiso de que a comunidade chegue ás 10.000 vivendas protexidas en 2030”, indicou. É dicir, a Xunta sumará 2.000 nova vivendas ás 8.000 que prevé que conformarán o parque público residencial no 2028.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou a conselleira, este novo Pacto de vivenda de Galicia estrutúrase en catro liñas estratéxicas e tres anexos dedicado á vivenda e xuventude, estimacións económicas do Pacto e seguimento do 1º Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025.

Liña estratéxica 1. Acceso á vivenda. Engloba a promoción pública de vivendas, a vivenda protexida de protección autonómica (promoción privada), o apoio aos parques municipais de vivenda e o impulso á vivenda sen protección, así como medidas para facilitar o acceso á vivenda tanto en alugamento como en compra.

Liña estratéxica 2. Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas. Con programas dedicados á rehabilitación directa polo IGVS (Rexurbe, reparación de VPP e Consorcio do Casco Vello de Vigo), axudas a concellos (axudas de rehabilitación de vivendas de titularidade municipal, fondos de cooperación e infravivenda) e áreas Rexurbe. Tamén inclúe o fomento da rehabilitación polos particulares, cun programa de axudas a particulares e comunidades (eficiencia enerxética, conservación, seguridade, accesibilidade, comunidades de VPP e núcleos rurais) e outro de áreas de rehabilitación integral (municipais e supramunicipais).

Liña estratéxica 3. Solo residencial. Destinado a colaboración cos concellos para a cesión de solo residencial, desenvolvemento da estratexia de solo residencial e adxudicación de solo residencial

Liña estratéxica 4. Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación, como desenvolvemento normativo, impulso da construción industrializada, promoción da innovación e o uso da intelixencia artificial na construción, política fiscal e financeira en materia de vivenda, axilización de licencias e informes sectoriais etc.

Ademais, a conselleira resaltou que o novo Pacto inclúe un apartado con medidas específicas para facilitar o acceso á vivenda da mocidade como os aloxamentos compartidos ou a reserva de parte dos novos inmobles protexidos para este colectivo, tanto en réxime de compra como de alugueiro.

Balance 2021-2024

Nos catro primeiros anos do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, púxose en execución o 97,8 por cento das medidas previstas nel e concedéronse 30.501 axudas por importe de 365.047.877 euros, ademais das actuacións directas realizadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA FASE DO PROXECTO XENOMA GALICIA QUE ANALIZARÁ O ADN DE 5.000 PERSOAS

- O proceso comezará en febreiro na área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza enviando preto de 2.800 convites aleatorios e abrirase progresivamente ao resto de Galicia nos vindeiros meses
- Remitirase un sms con información do proxecto e as indicacións para recoller mostras de sangue co fin de identificar xenes relacionados con cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar
- Coa fase piloto do proxecto tomáronse 2.000 mostras e detectáronse, ata o momento, 14 novos casos de variantes de risco nas análises de sangue e 5 nas de saliva
- As persoas que deron negativo con mostras de saliva foron informadas por sms e os participantes que deron positivo teñen cita de especialista para asesoramento xenético
- A Xunta dedica 20 M€ a avanzar na medicina personalizada coa recompilación do ADN de 400.000 galegos para detectar enfermidades antes de que aparezan e ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados

A Xunta pon en marcha unha nova fase do proxecto Xenoma Galicia coa ampliación da recollida de ADN de 5.000 participantes máis, despois de pechar a etapa piloto en 2025 coa toma de mostras dos 2.000 primeiros voluntarios.

As invitacións de participación remitiranse de forma progresiva, comezando en febreiro con preto de 2.800 persoas da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Así se recolle no informe sobre o proxecto Xenoma Galicia presentado hoxe ante o Consello da Xunta pola Consellería de Sanidade.

De forma aleatoria, convidarase por mensaxes sms a persoas dos 42 concellos da área, ata chegar á mostra necesaria desta zona de 828 participantes. Posteriormente, ampliarase a invitación cada mes polo menos a unha área sanitaria nova, ata chegar á 5.000 de toda Galicia.

A sms inclúe unha ligazón ao portal web do proxecto para poder coñecer toda a información. A continuación, a través do sistema de autocita da aplicación Sergas Móbil, cada persoa poderá reservar día e horario para acudir ao seu hospital de referencia para a extracción de sangue.

Coas mostras búscase identificar xenes relacionados con cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar, ademais de nutrir o biobanco do proxecto Xenoma Galicia e participar en estudos clínicos.

Cinco casos de variantes de risco

No balance presentado, recompílanse os resultados da segunda fase do piloto do proxecto Xenoma Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta fase, que comezou en abril de 2025, recolléronse mostras de saliva de 1.000 persoas de 35 a 70 anos residentes nos concellos seleccionados para seren representativos do ámbito urbano, semiurbano e rural: A Coruña, Ribeira, Ourense, Poio, Vigo, Melide, Rianxo, Allariz, O Grove, Vilaboa, A Baña, Santa Comba, Folgoso do Courel, Amoeiro e San Cristovo de Cea.

Enviouse un dispositivo de autotoma coas instrucións para que os participantes recollesen a súa propia mostra, puidesen entregala no seu centro de saúde e, posteriormente, fose enviada á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a análise das mostras e a secuenciación do xenoma -unha parte e non o xenoma completo-.

A peche do ano 2025, foron analizadas e informadas máis de 570 mostras nas cales resultaron positivas ás patoloxías cribadas tres casos de cancro de mama e ovario hereditario e dous casos de hipercolesterolemia familiar. Todos os casos son de nova detección, aínda que os participantes con variantes xenéticas que poden causar altos niveis de colesterol xa estaban a tratamento indicado.

As persoas que deron negativo foron informadas por mensaxe no móbil e as que deron positivo comunicóuselles por teléfono para marcar cita de especialista para asesoramento xenético na súa área sanitaria.

As últimas mostras recibidas no último trimestre do pasado ano están a ser procesadas e a previsión é completar o informe nos tres primeiros meses de 2026, informando despois dos resultados a cada participante.

Polo tanto, neste momento a primeira e a segunda fase do proxecto piloto Xenoma Galicia permitiron 19 deteccións novas de variantes xenéticas de alto risco e, na consulta, dependendo da variante detectada, infórmase das opcións de seguimento personalizado, de se deben facerlle probas a algún familiar e de hábitos de vida saudable que se poden seguir para diminuír o risco en caso de que, finalmente, apareza a patoloxía.

Obxectivo: ADN de 400.000 galegos

Este proxecto de investigación de medicina personalizada, despois de superar con éxito as primeiras fases piloto, solicitará autorización do Comité Ético de Investigación para expandir o proxecto Xenoma Galicia a 393.000 persoas máis.

Cun investimento de 20 millóns de euros, o Goberno galego márcase o obxectivo de recompilar o ADN de 400.000 persoas e xa conta coa autorización para as 2.000 persoas do piloto e os 5.000 participantes novos que serán chamados desde o mes que vén.

Entre as próximas accións previstas para 2026 está aprobar a creación dun rexistro, a través da aplicación web de investigación biométrica *Redcap*, onde almacenar de forma centralizada todos os datos recollidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Envergadura do proxecto

Pola porcentaxe de poboación incluída, Xenoma Galicia é un dos proxectos de maior envergadura do mundo. Permitirá ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados, predicir o risco de enfermidades antes de apareceren para poder anticiparse a elas e evitalas grazas ao estudo do xenoma e da historia clínica.

Isto porá a Galicia en primeira liña da investigación biomédica, ademais de ser un revulsivo para a industria biotecnolóxica e farmacéutica do país.

Xenoma Galicia, coordinado pola Consellería de Sanidade e baixo a dirección dos investigadores María Brión e Ángel Carracedo, contribuirá a integrar a xenómica na medicina preventiva da sanidade pública galega. Ademais, establecerá as bases dun cribado xenético sustentable e equitativo.

No desenvolvemento do proxecto participan persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública, da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 10,7 M€ NA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE PROTONTERAPIA DE GALICIA

- O plan de equipamento prevé a adquisición dun sistema integral de imaxe composto por un tomógrafo computerizado e un PET-RM
- Tamén se recolle a compra de equipamentos de radiofísica e radioterapia, así como do mobiliario clínico necesario para a posta en marcha do que será o primeiro centro de protonterapia público a nivel estatal
- Este investimento engádese ao xa realizado en 2025, cando a Xunta mercou equipos por un valor de preto de 110.000 euros

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, o Plan de dotación de equipamento do Centro de Protonterapia de Galicia para o ano 2026, que prevé un investimento de 10.704.112 millóns de euros.

O Executivo galego adquirirá equipamentos de alta tecnoloxía en imaxe, equipamento electromédico e equipos de radiofísica e radioterapia, xunto con mobiliario clínico necesario para a posta en marcha dun centro que situará Galicia á vangarda dos tratamentos fronte ao cancro.

En concreto, a Xunta investirá un total de 10.007.694 euros na dotación dun sistema integral de imaxe composto por dous equipamentos: un TC (tomógrafo computerizado) e un PET-RM (tomógrafo por emisión de positrons e resonancia magnética), o que permitirá planificar e facer seguimento dos tratamentos dos pacientes do Centro de Protonterapia de Galicia.

Do mesmo xeito, a Xunta destinará unha partida de 300.000 euros á adquisición de equipamento electromédico para o desenvolvemento habitual das consultas externas e das unidades de recuperación con que contará o novo centro, garantindo así unha axeitada monitorización dos seus pacientes críticos ou inestables.

O Plan de dotación tamén inclúe a compra de equipamentos de radiofísica e radioterapia destinados á calibración, simulación e controis de calidade dos equipamentos de tomografía. Neste caso, a Xunta destinará a este fin un total de 116.418 euros.

O expediente complétase cunha partida de 280.000 euros para mercar mobiliario clínico, xeral e equipamento informático necesario para a posta en marcha do que será o primeiro Centro de Protonterapia do sistema sanitario público nacional.

Este investimento engádese ao realizado no ano 2025, en que a Xunta adquiriu equipamento por un valor de 109.114 para a posta e marcha do acelerador de protóns e a monitorización das doses da radiación.

Primeiro centro público de Protonterapia de España

O Centro de Protonterapia de Galicia será o primeiro en ofrecer este tipo de tratamento de radioterapia de precisión dentro do sistema sanitario público nacional. A previsión é

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que entre finais deste ano e principios de 2027 o centro comece a tratar os seus primeiros pacientes.

As obras do novo centro de tratamento oncolóxico atópanse moi avanzadas, ao superar xa o 91 % da súa execución e ao estar nestes momentos co desenvolvemento dos traballos de instalación do acelerador de protóns que foi doado pola Fundación Amancio Ortega.

O investimento total do Centro de Protonterapia de Galicia superará os 60 millóns de euros entre a edificación e o equipamento. Nese orzamento están recollidos os 28 M€ achegados pola Fundación Amancio Ortega á sanidade pública galega no marco do acordo para o impulso da protonterapia en España. As obras do edificio están cofinanciadas con fondos europeos do programa operativo Feder 2021-2027.

O Centro de Protonterapia de Galicia conta cunha superficie útil de máis de 3.700 metros cadrados, nunha superficie total construída de máis de 5.600. Destaca por ser unha instalación expansible, con capacidade escalable para tratamentos de ata 250 pacientes/ano por sala.

A Protonterapia é unha modalidade especial de radioterapia que emprega un feixe de protóns que permiten unha maior precisión ao impartir a dose de radiación diminuindo os efectos adversos en tecidos e órganos sans que rodean o tumor.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA EN 250 AS PRAZAS PARA OS CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA E XURÍDICA EN GALEGO

- O Consello dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Escola Galega de Administración Pública para impartir a formación
- O acordo, por valor de 574.431€, permitirá desenvolver 50 cursos en 2026 e outros tantos no 2027, dez máis que en anos anteriores
- O Goberno galego continúa así co seu compromiso co impulso do idioma en ámbitos estratéxicos ao abeiro do Pacto pola lingua
- Preténdese mellorar a capacitación lingüística dos profesionais de ámbitos con termo técnicos moi específicos

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Consellería de Facenda e Administración Pública para poñer en marcha na Escola Galega de Administración Pública 100 cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas para o persoal vencellado a estes ámbitos, nos anos 2026 e 2027, aumentando en 250 as prazas para recibir esta formación con respecto ao ano pasado.

Así, o Executivo autonómico inviste 574.431€ para o desenvolvemento destas propostas formativas, de niveis medio e superior, que se impartirán en liña para o persoal das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade, así como para o persoal da Administración da Xustiza e para o de servizos das tres universidades galegas.

Deste xeito, o Goberno galego continúa a afianzar as liñas de acción definidas ao abeiro do Pacto pola lingua, que pretende estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, e no cal se fai fincapé en ámbitos estratéxicos como son o da Administración e a Xustiza, ofrecendo os recursos necesarios para mellorar a capacitación lingüística dos seus profesionais en ámbitos con termos técnicos moi específicos.

A iniciativa, que optimiza as competencias técnicas en galego, repercute na comunicación coa cidadanía no que ten que ver co desenvolvemento dos procesos institucionais, velando polos dereitos lingüísticos das persoas e prestixiando, pola súa vez, o idioma ao normalizar o seu uso neste tipo de sectores.

Cómpre lembrar que os cursos se suman a outras propostas de formación que se puxeron en marcha como medidas inmediatas no marco do Pacto pola lingua, como son os destinados ao persoal sanitario ou os máis de 100 cursos de lingua e cultura galegas para persoas provenientes de fóra de Galicia que se están a impartir con máis de 1.500 participantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CETMAR ACTUALIZA OS SEUS ESTATUTOS E REFORZA O SEU PAPEL COMO AXENTE ESTRATÉXICO DE GALICIA NO ÁMBITO MARIÑO

- As modificacións dótano de maior seguridade xurídica, eficiencia institucional e representatividade sectorial, recoñecéndoo como Fundación Pública Galega
- Este centro, dependente de Mar, está considerado referente a nivel europeo no avance na economía azul, a sustentabilidade e a gobernanza marítima
- No 2025 impulsou 52 proxectos financiados por programas europeos, organismos internacionais e administracións públicas, converténdose no único organismo de Galicia cun apoio específico a terceiros países en pesca, marisqueo e acuicultura

O Consello da Xunta deu conta hoxe da actualización dos estatutos do Centro Tecnolóxico do Medio Mariño (Cetmar) con que reforza o seu papel como axente estratéxico de Galicia no ámbito mariño. Trátase dun proceso que axusta o seu labor ao marco xurídico actual, aliñándoo coas necesidades presentes e futuras do sector marítimo galego, pois desde a súa creación no 2001 este regulamento tan só foi revisado no 2009.

Deste xeito, as modificacións incluídas dotan o Cetmar de maior seguridade xurídica, eficiencia institucional e representatividade sectorial, pois introducen melloras estruturais e normativas que modernizan a súa denominación e natureza xurídica, recoñecéndoo como Fundación Pública Galega; clarifican o exercicio das súas funcións; actualizan os órganos de goberno e de xestión, redefinindo as funcións da directora-xerente, designando a vicepresidencia nunha única persoa e incorporando o uso da linguaxe inclusiva; actualizan a participación no Padroado de entidades como Anfaco-Cytma e Conxemar; melloran o funcionamento interno no senso de que se reduce a periodicidade mínima da Comisión Executiva e se actualizan as características das convocatorias e maiorías do Padroado; e reforzan a relación cos beneficiarios, entre outras consideracións.

Centro referente

Durante os últimos anos, o Cetmar experimentou unha evolución significativa. Tal é así que pechou o 2025 cun balance moi positivo pois, ao longo dese ano, participou nun total de 52 proxectos e servizos financiados por programas europeos, organismos internacionais e administracións públicas. Estes traballos abrangueron ámbitos clave como a protección do medio mariño e a loita contra a contaminación; a planificación espacial mariña; a mellora da xestión pesqueira, marisqueira e acuícola; a observación e resiliencia do litoral fronte ao cambio climático; así como o apoio ao tecido socioeconómico costeiro e a cooperación en terceiros países.

O centro aumentou tamén a súa presenza en redes e foros europeos, achegando coñecemento técnico a procesos de toma de decisións e á elaboración de políticas comunitarias. Así, un dos sinais de identidade do Cetmar no pasado exercicio foi o fortalecemento da súa actividade en cooperación ao desenvolvemento, sendo o único organismo en Galicia cun departamento específico de colaboración con terceiros países

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

centrado en pesca, marisqueo e acuicultura. A través de proxectos en África e América Latina, o centro contribuíu ao reforzo institucional, á capacitación de comunidades pesqueiras e á transferencia de coñecemento en sustentabilidade, seguridade alimentaria e valor engadido dos produtos do mar, proxectando internacionalmente o saber facer galego.

Ademais, este centro autonómico asumiu a coordinación da Oficina Técnica da Estratexia Galega de Economía Azul, un papel clave para a articulación de políticas públicas, a coordinación interadministrativa e o seguimento de indicadores.

Coa modificación dos estatutos, afianza a súa posición como socio científico e tecnolóxico de referencia e como peza clave para a transformación azul de Galicia, conectando ciencia, administración, sector produtivo e sociedade, con vistas a un 2026 marcado polo 25 aniversario da entidade e novos retos de proxección europea e internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA ESTE ANO UN NOVO PROGRAMA EDUCATIVO PARA SENSIBILIZAR E IMPLICAR A COMUNIDADE ESCOLAR NA TRANSICIÓN CARA A UNHA ECONOMÍA CIRCULAR

- A iniciativa, que se desenvolverá nos propios centros durante o horario lectivo, porase en marcha no primeiro trimestre do curso 2026-2027 coa previsión de que participen de forma directa 250 colexios de primaria e máis de 25.000 alumnos
- As accións para realizar inclúen obradoiros de formación prácticos para promover hábitos responsables, apoio pedagóxico ao profesorado con recursos didácticos, propostas de actividades e a creación dun foro dixital para intercambiar experiencias e material e un espazo web propio do programa con material e información útil
- Os centros serán recoñecidos tamén co distintivo Escola EcoCircular polas súas boas prácticas e poderán participar no concurso *Misión Circular*, que premiará as ideas máis innovadoras e creativas para aplicar a economía circular no contexto escolar

A Xunta porá en marcha a finais deste ano un novo programa de educación ambiental co fin de formar, sensibilizar e implicar de forma activa á comunidade escolar na transición cara a unha economía circular e na mellora da xestión dos residuos, promovendo entre o alumnado hábitos responsables e, por extensión, entre o profesorado e as súas familias.

Co gallo hoxe do Día Mundial da Educación Ambiental, o Consello foi informado de que durante o primeiro trimestre do curso 2026-2027 lanzarase este programa educativo sobre economía circular, unha actividade formativa dirixida a alumnado de entre 6 e 12 anos e que incluírá accións concretas para incidir na formación temperá dos participantes en eidos como a sustentabilidade e a xestión dos refugallos domésticos.

Esta primeira edición estará aberta á participación de 250 colexios de primaria e dunha cifra estimada de máis de 25.000 nenas e nenos aínda que de forma indirecta o obxectivo é chegar a uns 100.000 membros da comunidade educativa por esta vía.

Cun orzamento de case 220.000 euros, organizaranse obradoiros formativos de carácter práctico e dinámico e crearase o distintivo Escola EcoCircular para recoñecer as boas prácticas e o compromiso coa circularidade dos participantes. Con tal fin, promoveranse dinámicas participativas e traballarase con recursos que reforcen os seus coñecementos sobre circularidade e redución e reutilización, para integrar estas mensaxes nas aulas.

Neste sentido, o profesorado recibirá apoio pedagóxico e terá á súa disposición material específico e variado para traballar co seu alumnado. Fomentaranse, sobre todo, os recursos dixitais relacionados co programa, que disporá dun espazo web propio desde onde os centros poderán inscribirse, obter información sobre a iniciativa e descargar instrumentos didácticos; e habilitarase un foro en liña de economía circular como espazo colaborativo para o intercambio de experiencias e propostas metodolóxicas.

Ademais, para dinamizar o programa e lograr unha maior implicación, porase en marcha o concurso *Misión Circular* que premiará as ideas máis innovadoras e creativas propostas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polos colexios para aplicar os principios da economía circular no seu día a día a través de medidas relacionadas, por exemplo, coa xestión dos residuos ou co fomento da reciclaxe.

A comunidade educativa representa o futuro e principal motor de cambio cultural a medio prazo xa que constitúe unha peza clave para deixar atrás o modelo caduco de usar e tirar e impulsar, desde a base, novos hábitos na cidadanía galega baseados nos principios de sustentabilidade ambiental que promove a economía circular.

Por iso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático aposta por estas novas accións de formación en materia de residuos no ámbito escolar como unha iniciativa que informa, para facilitar coñecementos claros e útiles sobre separación e reciclaxe; sensibiliza, xerando conciencia nas novas xeracións, e mobiliza, promovendo a adopción de boas prácticas tanto nos centros educativos como por extensión nos fogares.

Cómpre subliñar, ademais, que este programa educativo se enmarca e virá complementar a estratexia de formación e sensibilización social en materia de residuos que promove a Xunta este ano, cun orzamento total de 1,8 millóns de euros e que porá o foco sobre todo naqueles colectivos chamados a xogar un papel clave no impulso da economía circular e na transición cara a un modelo máis consciente e responsable.

Para avanzar neste camiño, a planificación deseñada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático inclúe campañas de divulgación específicas dirixidas á comunidade educativa, con especial atención ao alumnado e profesorado dos centros de primaria, a usuarios e titulares de comercios locais e, por último, á cidadanía en xeral.

A participación social, un pilar clave

A aposta pola sensibilización e a formación social será un dos pilares que guiarán as políticas da Xunta neste eido en 2026 na liña marcada pola Lei de residuos e solos contaminados de Galicia —que establece a necesidade de integrar a educación ambiental e a comunicación pública como ferramentas esenciais para a unha economía circular— e do Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030 —que fixa, pola súa vez, as bases para avanzar na prevención da xeración de residuos, na correcta separación en orixe, na preparación para a reutilización e no aumento das taxas de reciclaxe—.

A planificación prevista polo departamento autonómico para impulsar accións de formación e sensibilización entre diferentes colectivos, ademais, verase complementada cunha nova convocatoria de axudas ás entidades locais para mellorar a recollida e xestión dos residuos domésticos de competencia municipal (cun orzamento para 2026 de 5,1 millóns de euros e que se publicará a comezos de febreiro) e con outras medidas novidasas que tamén requiren dunha participación social.

En concreto, cómpre destacar o impulso ao Plan de acción galego contra o desperdicio alimentario, unha iniciativa pioneira e que contará cun orzamento de 268.000 euros este ano para abordar a súa redacción e a posta en práctica das primeiras medidas neste eido, orientadas inicialmente a obter datos e información desagregada a nivel autonómico sobre os hábitos das galegas e galegos relacionados coa comida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS CENTROS DE CRISE 24 HORAS ATENDEN A 350 VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL NO SEU PRIMERO ANO DE ACTIVIDADE

- O perfil maioritario dos casos é o de muller de entre 20 e 40 anos de idade e de nacionalidade española
- Galicia conta con cinco centros deste tipo, un máis dos que fixa a normativa, con atención presencial as 24 horas e os 365 días do ano

O Consello da Xunta de hoxe tomou razón dun informe da Consellería de Política Social e Igualdade en que se avanza datos sobre o primeiro ano de funcionamento dos centros de crise 24 horas. Neste período foron atendidas nestes centros máis de 350 vítimas de violencia sexual.

A análise territorial amosa que os servizos de Vigo (31 %), Ferrol (21 %) e Santiago de Compostela (20 %) son os que concentran o maior número de casos atendidos, o que se relaciona co volume de poboación destes ámbitos. Cos menores rexistros sitúanse os de Lugo (15 %) e de Ourense (14 %).

No que atinxe ao perfil das vítimas atendidas, case a metade son mulleres con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos e, maioritariamente, de nacionalidade española (70%).

Ademais dunha primeira atención de urxencia, os centros de crise realizan outras intervencións de apoio ás vítimas e á súa contorna, como poden ser: atención psicolóxica, social ou asesoramento xurídico. Nos doce primeiros meses de funcionamento, realizáronse 4.347 intervencións, das cales a atención psicolóxica representa aproximadamente o 50 %, a intervención social supón arredor do 20 % e o asesoramento xurídico, o 13 %.

Así mesmo, e máis alá da atención integral ás vítimas, a actividade destes centros de crise complementase coa promoción de accións de sensibilización, divulgación e formación. Estas accións están dirixidas tanto á sociedade en xeral como aos sistemas clave implicados na loita contra a violencia sexual: educativo, xudicial, policial, sanitario e social.

Galicia conta con cinco centros de crise 24 horas, un máis dos que fixa a normativa. Están situados nas contornas dos complexos hospitalarios de Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo. Na nosa Comunidade dan atención presencial as 24 horas do día e os 365 días do ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA ROLDA SUR-OESTE DE ORDES, QUE UNIRÁ A N-550 COA ESTRADA AC-413

- Trátase de impulsar unha variante que afaste o tráfico pesado do núcleo urbano do concello coruñés
- A rolda dotarase de carrís para circulación de vehículos e sendas para peóns e bicicletas e patíns
- A Xunta someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto, co obxectivo de aprobalo no último trimestre do ano e licitar as obras no 2027
- O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura

O Goberno galego acordou hoxe someter a información pública o proxecto para a execución da rolda sur-oeste de Ordes, que unirá a N-550 (onde o Ministerio de Fomento prevé a execución dunha intersección tipo glorieta), coa estrada autonómica AC-413.

Trátase de executar unha variante que afaste o tráfico pesado do núcleo urbano do concello de Ordes.

Na actualidade o tráfico que vai dende o núcleo de Ordes cara Carballo (AC-413) ou Viaño Pequeno (DP-5903) ten que circular polo núcleo urbano de Ordes (rúa do Recreo, coincidente coa DP-5903, Alfonso Senra ou Lagartos), ao longo dunha lonxitude de 1.010 m (entre os puntos quilométricos 0 ao 1+010); motivo polo cal estas rúas soportan un elevado tránsito de tráfico pesado, e se mestura o tráfico interior dos habitantes de Ordes cos que atravesan o núcleo cara A Silva, Carballo ou Viaño Pequeno.

Para solucionar esta problemática, preténdese a execución dunha variante que discorra dende a N-550 ata a intersección da estrada AC-413 coa DP-5903 e ao mesmo tempo xerar un novo acceso, moi necesario, ao IES Maruxa Mallo, ao punto limpo e ao tanatorio municipal e cemiterio do Balado.

Coa aprobación provisional hoxe no Consello da Xunta do proxecto impulsado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de infraestruturas (AXI), tratase de acometer un conxunto de actuación para executar a rolda sur-oeste de Ordes.

A rolda dotarase de carrís para circulación de vehículos e sendas para peóns e bicicletas e patíns.

Esta rolda permitirá reducir o tráfico de vehículos no núcleo urbano de Ordes, máis concretamente nas rúas Mediodía e do Recreo, xa que permitirá a conexión da estrada AC-524 (acceso á AP-9 e a Mesía) e da N-550 (acceso a Santiago de Compostela) coa AC-413 (acceso á Silva e Carballo) e a DP-5903 (acceso a Trazo e Tordoia).

A senda peonil e carril bici previstos permitirán darlle continuidade as sendas e carril bici xa existentes e que conectan Ordes (dende Praza da Constitución) coas instalacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da Piscina Municipal, o IES Maruxa Mallo e o IES N1 e as instalación deportivas dos Pavillóns Deportivos Castelao I e II.

As actuacións desenvólvense no Concello de Ordes, nas parroquias de Santa María de Ordes e Santa Mariña de Parada

Descrición xeral

A nova rolda terá unha lonxitude de 2,01 Km e se executarán dúas glorietas, unha no quilómetro 0+560 (glorieta 1), a altura de intersección coa rúa Coruña e o desvío que vai cara o Instituto e as instalacións da Piscina Municipal e outra no enlace coa estrada AC-413 de Ordes a Carballo da rede complementaria da Xunta e a DP-5903 de Ordes a Portomouro por Puentechonia da rede de estradas da Deputación da Coruña (glorieta 2).

Tamén se executará unha intersección en T con carrís centrais, no acceso ao cemiterio municipal do Balado e instalacións do puno limpo de Ordes.

Na intervención se prestará tamén especial atención á iluminación, que debe proporcionar visión segura e comfortable, así como facilitar a visibilidade.

Doutra banda, é preciso acometer a execución de tres estruturas necesarias para a execución do trazado proposto para esta rolda sur-oeste de Ordes, como son: unha ponte sobre un curso de auga á altura do punto quilométrico. 0+065; un paso inferior no punto 0+672, necesario para manter a continuidade dun viario municipal; e outra ponte sobre un curso de auga á altura do quilómetro 1+360.


A Xunta prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, a efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia e a efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 147 predios.

A previsión é poder aprobar o proxecto no cuarto trimestre de 2026, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras no 2027. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

O Goberno galego segue a traballar en actuacións que melloran e favorecen nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura.

Plano da zona de actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 270.000 € A FINANCIAR PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN VIVENDAS PARA PACIENTES ESTABILIZADOS NAS UNIDADES ASISTENCIAIS DE DROGODEPENDENCIAS

- A finalidade destas axudas é apoiar as persoas que seguen un tratamento de deshabitación de trastornos adictivos co fin de facilitar a súa integración social e promover unha vida autónoma desde un ámbito residencial
- Facilitase a adaptación mediante a residencia temporal nunha vivenda normalizada, con tutela de persoal técnico cualificado
- As axudas, que este ano se incrementan en máis dun 6 %, están destinadas a entidades privadas sen ánimo de lucro
- A Xunta financiará catro programas de inserción social en vivendas e achegará un importe máximo de 67.416 euros por programa, o que supón un aumento de máis de 4.000 euros por programa con respecto ao ano pasado

A Xunta destinará 269.665 euros a financiar programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias. Este investimento materializarase a través dunha orde de axudas para entidades privadas sen ánimo de lucro, incrementando a contía en máis dun 6 % con respecto ao pasado ano.

Tal e como recolle un informe da Consellería de Sanidade que hoxe foi elevado ao Consello da Xunta, está previsto que a orde de axudas se publique proximamente no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Con esta nova orde de axudas, a Xunta financiará catro programas de inserción social en vivendas e achegará un importe máximo de 67.416 euros por programa, o que supón un aumento de máis de 4.000 euros por programa con respecto ao pasado ano.

A adxudicación das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, aos programas que obteñan as puntuacións máis altas. Para tal efecto, constituirase unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios establecidos na propia orde, avaliará os proxectos solicitantes.

Os programas e actividades deberán ter un carácter integral e estar deseñados como un proceso continuado, iniciándose un diagnóstico global e establecendo un proceso de incorporación social.

Adaptación á vida cotiá

Tal e como se recolle no informe, os usuarios das vivendas serán pacientes en tratamento e seguimento nas unidades de atención a drogodependencias que requiran dun programa de incorporación social con apoio residencial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acceso a este recurso será voluntario e ofertarase de xeito prioritario cando non exista un apoio sociofamiliar axeitado ou concorran situacións de vulnerabilidade.

Estes pisos son espazos que ofrecen unha contorna segura e estruturada ás persoas que seguen un proceso de rehabilitación coa finalidade de procurar o apoio necesario cara á súa reintegración social, dotándoas dunha vivenda digna que cubra todas as necesidades básicas desde a cal poidan realizar o seu tratamento contra as drogodependencias.

Esta liña de axudas busca facilitar a adaptación á vida cotiá mediante a residencia temporal nunha vivenda normalizada, con tutela de persoal técnico cualificado para facilitar a incorporación social e promover unha vida autónoma. As entidades sen ánimo de lucro beneficiarias levarán a cabo programas dirixidos a este cometido.

Obxectivos

Entre os obxectivos deste apoio residencial está facilitar o proceso de cambio destas persoas a través de estratexias que permitan acadar o desenvolvemento das súas habilidades sociais, culturais e educativas, adquirindo hábitos e condutas de vida saudables e fomentando o uso positivo do tempo libre con actividades recreativas de participación social.

Así mesmo, garántese a atención das súas necesidades sociais favorecendo o inicio dun proceso de normalización social, mellorando as habilidades básicas da vida diaria e consolidando o mantemento da abstinencia.

Engadido ao anterior, promóvense estratexias específicas de intervención para a incorporación social destas persoas, apoiando a formación para a inserción laboral e adquirindo mellores estratexias de comunicación e relación cos demais.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde ocúpanse da programación, coordinación e xestión das medidas dirixidas a reducir a demanda do consumo de drogas e facilitar a prestación de servizos asistenciais, así como a promover a incorporación social de pacientes drogodependentes.

A Xunta aprobou recentemente o Decreto 127/2025, do 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia de titularidade municipal existentes que, desde o 1 de xaneiro de 2026, integra as 13 unidades existentes no Servizo Galego de Saúde.

En concordancia co anterior, esta orde de axudas foi tramitada polo procedemento anticipado de gasto para que a súa pronta publicación facilitase o traballo conxunto entre as unidades integradas e as entidades adxudicatarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINALIZA O 'ANO CASTELAO' CON MÁIS DE 80 ACCIÓNS EN RECOÑECIMENTO DO INTELECTUAL

- Así se reflicte no informe avaliado hoxe no Consello sobre a programación que o Goberno galego desenvolveu directamente e en colaboración con outras entidades
- Entre as iniciativas destacan unha decena de publicacións, entre libros e recursos dixitais centrados na obra do autor
- As exposicións foron outro dos eixes desta homenaxe, destacando a experiencia inmersiva 'Castelao. Mirar por Galicia', na Cidade da Cultura
- Tamén se levaron a cabo outras propostas no eido das artes escénicas, a música, o audiovisual ou no ámbito educativo e da investigación
- A actividade chegou máis alá da Comunidade, con proxectos realizados en diferentes puntos do mundo a través dos centros de estudos galegos e das casas de Galicia

A Xunta de Galicia levou a cabo máis de 80 accións no marco da programación deseñada durante o 2025 para celebrar o *Ano Castelao*, declarado polo Goberno galego co gallo do 75 cabodano do intelectual, e coa finalidade de difundir as súas importantes achegas culturais, políticas e lingüísticas entre a sociedade, especialmente enfocada nas novas xeracións.

Así, no informe analizado hoxe no Consello dáse conta das distintas iniciativas desenvolvidas durante o ano que rematou destinadas a recoñecer o legado intelectual, artístico, político e social do persoeiro, unindo nesta homenaxe as diversas institucións e a poboación en xeral ao redor da súa figura. Nesta liña, cómpre destacar que as distintas propostas se desenvolveron tanto nos equipos xestionados directamente polo Executivo autonómico como en colaboración con outras administracións e con entidades de relevancia na Comunidade, apoiándose nos principios de participación e transversalidade.

Deste xeito, tras meses de intensa actividade, desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cumpríronse os obxectivos en que se baseou o *Ano Castelao*, impulsando a súa consideración como unha figura fundamental para a cultura e lingua galegas, máis alá de reivindicacións políticas; reforzando o seu papel ao longo da historia como un referente esencial da identidade de Galicia; poñendo en valor a súa pluralidade creativa como escritor, debuxante, caricaturista, ensaísta, dramaturgo e pensador; destacándoo como un símbolo da defensa da democracia e a liberdade; reflexionando sobre o exilio galeguista, así como promovendo unha lectura viva do autor orientada á mocidade mediante actividades educativas, dixitalización de fondos e creación contemporánea.

Desde experiencias virtuais a recursos dixitais

Os proxectos expositivos foron un dos eixes centrais da programación da Xunta, achegando diversas olladas sobre a traxectoria do homenaxeado. Destaca, neste senso, a proposta principal que acolleu a Cidade da Cultura, unha experiencia inmersiva que combinou intelixencia artificial, hologramas, videmapping e realidade virtual para trasladar ao público ao universo do intelectual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á mostra *Castelao. Mirar por Galicia*, que acadou máis de 35.000 visitas, hai que sumarlle tamén no Gaiás *As mulleres na obra de Castelao*, que aínda se pode visitar na Biblioteca de Galicia, ademais doutras propostas como son *Castelao e Ourense*, que relacionou no Arquivo Provincial a súa figura co galeguismo ourensán ou *Castelao e Bos Aires. De sempre en Galiza a Alba de gloria*, no Centro Galicia de Bos Aires.

Outro dos eidos en que o Goberno galego puxo o foco durante esta celebración foi no das publicacións, cunha decena de proxectos. Así, ademais dos libros *Castelao entre nós. 75 anos despois*, de Francisco L. Barxas, ou da edición de Galaxia de *Castelao escritor*, de Eduardo Blanco Amor, viu a luz un libro-disco que fusiona as múltiples facetas do intelectual e un audiolibro que permite escoitar dúas das súas obras máis significativas, *Retrincos* e *Un ollo de vidro*. Por outra banda, aínda no marco dos recursos dixitais, a Xunta colaborou coa Fundación Castelao para actualizar novidades na súa web.

Investigación e propostas educativas

Nestes meses tamén se consolidou a presenza de iniciativas académicas que afondan na investigación e divulgación do legado do escritor. Nesta liña, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude apoiou a creación da Cátedra Castelao na Universidade de Santiago de Compostela, así como a posta de novo en funcionamento da Cátedra de Estudos Galegos Alfonso Rodríguez Castelao na Universidade de Bos Aires.

Tamén se dixitalizou, en colaboración co Instituto Padre Sarmiento, toda a documentación descuberta sobre o proceso de aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia de 1936, no cal Castelao foi un dos partícipes directos. Aínda vencellado ao ámbito educativo, hai que sinalar a participación de máis de 30 institutos nas accións desenvolvidas polos equipos de dinamización da lingua galega, centrados na elaboración de materiais audiovisuais, na gravación de podcast, na creación de exposicións ou de pezas teatrais.

Audiovisuais e artes escénicas

A Xunta involucrouse, ademais, coa longametraxe de ficción *Castelao. Antes de Nós*, dirixida por Ángeles Huerta, cunha achega de 280.000€ a través da súa liña de axudas á produción audiovisual. Tamén, no que ten que ver coas artes escénicas, apoiou unha nova edición do Festivalle, que se sumou á homenaxe ao rianxeiro, e a adaptación teatral da única obra narrativa que escribiu, *Os dous de sempre*.

A música tamén foi protagonista da programación, entre outras iniciativas, coa novena edición de *No bico, un cantar*, unha proposta en que o Executivo autonómico colabora co Consello da Cultura Galega e que este ano se dedicou a Castelao nun acto que tivo lugar en Rianxo.

Proxección exterior

Ademais de poñer en valor unha das figuras máis senlleiras de Galicia na súa propia terra, o programa estendeuse tamén a outros puntos do mundo, facendo fincapé na proxección exterior da cultura galega a través de Castelao, tanto noutras comunidades autónomas como en países de América, Europa e mesmo África. Neste senso,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizáronse distintos proxectos nos centros de estudos galegos e nas casas de Galicia, como foi o caso de Bahía, Sao Paulo ou Río de Janeiro, ou xa en Europa de Budapest, Heildeberg, Kiel, Varsovia, Oxford ou Gales. Neste contexto, a súa historia e legado tamén chegou a Nova York ou ao Centro de Estudos Galegos de Mozambique.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 6 M€ EN APOIAR OS GASTOS INICIAIS DO RETORNO DUN MILLEIRO DE FAMILIAS GALEGAS E REFORZAR A ATENCIÓN SOCIAL DOUTRAS 6.000 NO EXTERIOR

- O Consello da Xunta analizou hoxe a vindeira convocatoria das axudas extraordinarias ao retorno, dotada con 2,5 M€, e a liña destinada a cubrir necesidades básicas e reforzar a atención sociosanitaria dos galegos do exterior, con preto de 3,6 M€
- No relativo ás persoas que regresan, os apoios poden chegar aos 6.000 euros e contribúen a cubrir os gastos iniciais de establecemento, valorando especialmente o asentamento no rural, e inclúen un incentivo para familias con fillos menores
- Arredor de 7.000 familias lévanse beneficiado desde 2018 destas achegas que a Xunta incrementa cada ano ante o elevado volume de solicitudes, en liña coas cifras historias de retorno que reflexa o INE, con preto de 8.500 persoas retornadas en 2024
- Son un dos instrumentos integrados na Estratexia Galicia Retorna, que exemplifica o modelo integral da Xunta de apoio ao retorno, con outras medidas como o Retorna Cualifica Emprego, o programa Retorno Emprendedor ou as bolsas BEME
- En paralelo, a Xunta reforza o compromiso coa protección social da colectividade do exterior en situación de vulnerabilidade, con axudas das que se levan beneficiado 43.000 familias en países como Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai e Venezuela

O Consello da Xunta analizou hoxe as vindeiras convocatorias da Secretaría Xeral da Emigración, cun orzamento global superior aos 6 M€. Estes recursos permitirán, por unha banda, apoiar as galegas e galegos retornados para afrontar os gastos iniciais derivados do seu regreso a Galicia e, pola outra, contribuír á cobertura de necesidades básicas e á atención sociosanitaria de persoas galegas residentes no exterior que se atopen en situación de vulnerabilidade. Ambas as dúas liñas de actuación se inscriben no compromiso firme da Xunta de Galicia coa atención á cidadanía galega, con independencia do lugar en que resida, reforzando as políticas públicas tanto de retorno como de protección social da emigración.

No que atinxe ás persoas retornadas, esta semana publicárase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria das axudas extraordinarias ao retorno, dotada cun crédito inicial de 2,5 M€, coa previsión de beneficiar máis dun milleiro de familias con contías de ata 6.000 euros. O orzamento desta orde incrementouse de maneira progresiva nos últimos anos —nesta ocasión cun aumento de 200.000 euros— como resposta ao elevado volume de solicitudes, o que confirma que Galicia se consolida como terra de oportunidades e atracción de talento, clave para a fixación de poboación, especialmente no rural, e para a cobertura de vacantes laborais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta tendencia vese reflectida tamén nos últimos datos da Estatística de migracións e cambios de residencia de 2024 do Instituto Nacional de Estatística (INE), que evidencian a consolidación das cifras históricas de retorno, con preto de 8.500 persoas procedentes do exterior que regresaron a Galicia —o 85 % menores de 65 anos e o 57 % menores de 45—, así como un saldo migratorio histórico de 30.325 persoas.

As axudas ao retorno analizadas hoxe, das cales xa se beneficiaron unhas 7.000 familias desde 2018, intégranse na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, que exemplifica o modelo de captación de talento ordenado, planificado e integral impulsado pola Xunta. Estas medidas veñen complementar outros incentivos dirixidos a este colectivo, como os programas de apoio ao emprego por conta allea —como o Retorna Cualifica Emprego, que contará en 2026 cun orzamento de 1,8 M€—, a liña de emprendemento para aqueles que optan polo autoemprego —que contarán con 1,2 M€—, as bolsas BEME para a atracción de talento cualificado, actualmente abertas, así como o acompañamento permanente que prestan ao longo de todo o proceso as Oficinas de Retorno.

Detalles da convocatoria

Poderán solicitar as axudas extraordinarias ao retorno as persoas galegas nadas en Galicia e os seus descendentes, así como os seus cónxuxes ou parellas de feito, sempre que acrediten unha residencia fóra de España de, cando menos, dous anos e que o retorno se produciise a partir do 1 de xaneiro de 2024. A contía máxima por unidade familiar ascende a 6.000 euros. Ademais do apoio de carácter xeral, inclúese un complemento específico para aquelas con fillos menores de idade, cun importe de 1.000 euros por fillo ata o segundo e de 1.500 euros a partir do terceiro, cun incremento adicional do 25 % no caso de que a familia fixe a súa residencia nun concello rural. Así mesmo, prevese unha achega de 500 euros destinada a sufragar os gastos derivados das primeiras xestións necesarias para garantir o acceso a unha vivenda. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

Axudas para emigrantes galegos no exterior

O Consello da Xunta analizou tamén o programa de axudas económicas individuais de carácter social para o ano 2026 que se publicará nos vindeiros días, dotado con preto de 3,6 M€ e dirixido a emigrantes galegos e galegas e os seus fillos residentes no estranxeiro que se atopen en situación de precariedade económica, co obxectivo de garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia e a atención sociosanitaria duns 6.000 fogares. Desde 2020, máis de 43.000 familias residentes en países como Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai ou Venezuela beneficiáronse desta iniciativa, reforzando así a protección social da colectividade galega no exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON ATA 35.000 EUROS 800 NOVAS INICIATIVAS CO FOCO NO RURAL E A REMUDA NO MARCO DA ESTRATEXIA DE EMPRENDIMENTO LIGADO AO TERRITORIO

- A medida é unha das primeiras ferramentas desta Estratexia, hoxe en período de consulta co sector, e que abrangue todo o ciclo emprendedor, busca o equilibrio territorial e pon o aceno en aspectos chave como a continuidade dos negocios
- Nesta liña, o Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre a convocatoria destas achegas, dotada con 6,7 M€, dirixida a autónomos, mutualistas, pemes, cooperativas e sociedades laborais constituídas ou dadas de alta a partir do 1 de xaneiro de 2024
- Aliñada cos obxectivos trazados pola Estratexia, na concesión dos apoios valoraranse criterios como o sector —con especial atención ao primario, forestal e servizos sociais— ou a localización en concellos de menos de 20.000 habitantes
- Estas achegas permitirán ás persoas emprendedoras financiar equipamento informático, mobiliario, reformas e habilitación de locais, gastos notariais ou de alugamento e a compra de activos pertencentes a establecementos existentes
- Ademais, está aberta a sinatura da Manifestación de vontades para a creación da Rede galega do ecosistema de emprendemento, que suma xa unha trintena de entidades asinantes e medra como espazo estable de colaboración público-privada

O Consello da Xunta abordou hoxe o informe sobre a nova convocatoria de axudas ao emprendemento, dotada con 6,7 M€, e destinada a apoiar ata 800 novas iniciativas emprendedoras constituídas na Comunidade desde 2024. Esta medida enmárcase na Estratexia de emprendemento ligado ao territorio, actualmente en período de consultas con todo o sector, orientada a fixar actividade económica no rural e favorecer a remuda.

A convocatoria destas axudas, que poden chegar aos 35.000 por proxecto, será publicada nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e o prazo de solicitudes permanecerá aberto ata o 2 de marzo de 2026. A medida conforma un dos primeiros instrumentos operativos que se porán en marcha no marco desta Estratexia, coa que a Xunta busca potenciar un ecosistema sólido en que as ideas dos emprendedores galegos, especialmente no rural ou en zonas con risco demográfico, conten con todos os recursos necesarios para converterse en realidade. O apoio abrangue desde o acompañamento gratuito da Rede de polos ata ao financiamento, xunto coa especialización comarcal segundo os recursos de cada contorna ou unha maior coordinación público-privada.

En coherencia con esta visión, a convocatoria incorpora novos criterios para garantir un maior impacto territorial e arraigamento dos proxectos. Como principal novidade, valoraranse aspectos vinculados co sector da actividade —con especial atención ao primario, ao forestal, á prevención de lumes e aos servizos sociais—, así como a localización en concellos emprendedores ou de menos de 20.000 habitantes, priorizando de maneira progresiva aqueles de menor poboación. Estas melloras súmanse ás introducidas o pasado ano, entre as que destaca o reforzo da remuda xeracional para garantir a continuidade de negocios viables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta liña de axudas —da cal xa se beneficiaron 3.400 emprendedores desde 2022— a Xunta avanza na consolidación de Galicia como unha terra cada vez máis fértil para emprender, nunha aposta referendada no recoñecemento o pasado ano como Rexión Emprendedora Europea 2025. Neste marco, continúa aberta a sinatura da Manifestación de vontades para a creación e funcionamento da [Rede galega do ecosistema de emprendemento](#), presentada no congreso Ultraia Galicia o pasado novembro en Nogueira de Ramuín e cuxo obxectivo é crear unha estrutura estable de coordinación de todos os axentes implicados a prol do emprendemento. A plataforma conta xa cunha trintena de entidades asinantes e segue a medrar como espazo clave de colaboración público-privada, ao cal poden seguir sumándose entidades, organizacións e axentes sociais.

Condicións e intensidade das axudas

Poderán acollerse a esta liña de apoio as persoas autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas, cooperativas e sociedades laborais que se constituísen ou se desen de alta a partir do 1 de xaneiro de 2024, co obxectivo de financiar investimentos vinculados ao equipamento informático, ao mobiliario, ás melloras de eficiencia enerxética, á reforma de locais ou á adquisición de activos pertencentes a establecementos existentes, incluíndo bens de equipamento de segunda man. A intensidade das axudas varía en función do investimento realizado: entre 5.000 e 20.000 euros, cobertura do 55 %; entre 20.001 e 30.000 euros, do 50 %; e entre 30.001 e 60.000 euros, do 45 %. Cando o proxecto permita evitar o peche dun negocio por falta de remuda xeracional, aplicarase un incremento adicional do 10 %. A convocatoria inclúe tamén apoios de 300 euros para gastos notariais e/ou rexistrais e de 1.500 euros para alugamento —que ascenden a 330 euros e 1.650 no caso de remuda, respectivamente— polo que as contías finais poderán oscilar entre os 2.750 euros e preto de 35.000 euros.

Rede de polos, motor do ecosistema emprendedor

A Rede de polos, que leva atendidos máis de 5.400 proxectos a través das súas 15 oficinas, visibiliza o compromiso da Xunta co emprendemento e constitúe o corazón da Estratexia, xogando un papel fundamental na canalización e impulso de novos proxectos e avanzando no deseño dun mapa de especialización comarcal que permita identificar sectores tractores, impulsar a remuda xeracional e favorecer a atracción de talento retornado. Este apoio complétase con outras medidas como a próxima orde de axudas para autónomos, dotada con preto de 41 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO CO SECTOR APÍCOLA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,4 M€ EN AXUDAS PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- Os principais obxectivos destas axudas son o mantemento e o fomento desta actividade en Galicia, polos moitos beneficios que as abellas achegan desde o punto de vista ambiental e económico
- Está prevista a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para este venres e permitirán subvencionar as actividades realizadas entre o 1 de agosto de 2025 e o 31 de xullo de 2026, ambos inclusive, período de duración dunha campaña apícola
- Nos últimos 13 anos multiplicáronse por tres o número de apicultores beneficiarios, pasando de 638 a 2.172, sendo cada vez máis os mozos que optan por desenvolver un proxecto produtivo vinculado a esta actividade agrícola

O Consello da Xunta avaliou hoxe a nova convocatoria das axudas á apicultura, que están dotadas neste 2026 con máis de 1,4 millóns de euros, no marco da Intervención Sectorial Apícola do Plan estratéxico da política agraria común. A Consellería do Medio Rural, con esta liña de achegas, reforza o seu compromiso co sector para mellorar a súa competitividade. A súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para este venres e permitirán subvencionar as actividades realizadas entre o 1 de agosto de 2025 e o 31 de xullo de 2026, ambos inclusive, período de duración dunha campaña apícola.

Os principais obxectivos destas axudas son o mantemento e o fomento desta actividade en Galicia, polos moitos beneficios que as abellas achegan desde o punto de vista ambiental e económico. O informe constata que esta finalidade se está cumprindo, consonte a esa evolución favorable do número de colmeas e de explotacións nos últimos anos, que converten a Galicia nunha das principais comunidades autónomas do sector. De feito, en 2025 deuse apoio a 2.172 apicultores cunha achega destinada a máis de 195.000 colmeas. Nos últimos 13 anos, multiplicáronse por tres o número de apicultores beneficiarios -foron 638 en 2013- e reflicte o progresivo aumento da rendibilidade do mel e produtos derivados, contribuíndo a que mozos opten por desenvolver un proxecto produtivo vinculado a esta actividade agrícola.

A través destas achegas financiaranse diferentes servizos de carácter técnico; investimentos en activos materiais e inmateriais, entre os que se inclúe a loita contra invasores como a vespa velutina ou enfermidades como a varroose; actuacións de análise que permitan incrementar o número de abellas ou a súa produción; a promoción, comunicación e comercialización dos produtos e as actividades que permitan incrementar a súa calidade.

Máis de 10 millóns de euros desde 2013

A Xunta de Galicia ten convocado estas axudas á apicultura en numerosas ocasións, co obxectivo de mellorar as condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas. Neste sentido, desde 2013 investíronse máis de 10 millóns de euros para seguir potenciando este eido produtivo e 233 expedientes aprobados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a apicultura é de importancia para os ecosistemas e os intereses económicos, xa que a rendibilidade do mel e os produtos derivados está a medrar, polo que cada vez son máis os mozos que se instalan no rural para desenvolver unha actividade apícola. Cómpre salientar que a produción mundial de mel mantén unha tendencia ascendente cunha taxa de crecemento anual media de 1,73 % na última década.

Ao longo prazo, esta tendencia parece favorable e espérase que o nivel da demanda no comercio mundial de mel siga a liña ascendente destes últimos anos, cun maior consumo por parte dos fogares e cun incremento na taxa de importacións, polo que resulta fundamental apoiar os produtores locais e incrementar a produción en xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA NOVAS AXUDAS PARA AS AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA CUN INCREMENTO DO ORZAMENTO DO 50 % ATA CHEGAR AOS 2,1 M€ PARA 2026

- Actualmente están en funcionamento 24 agrupacións, pero unha vez executada ao completo a convocatoria de 2025 estímase que se terán creado unhas 40 novas agrupacións, incorporando unha superficie forestal agrupada de máis de 4.800 hectáreas, co que o número total roldará as 65
- O que se persegue con esta medida é facilitar a creación de novas agrupacións forestais, apoiar a consolidación das xa existentes, incrementar a superficie forestal xestionada de forma conxunta e mellorar a capacidade organizativa, técnica e comercial destas entidades
- O reforzo financeiro e a continuidade da intervención permitirán avanzar na superación do minifundismo, mellorar a rendibilidade das explotacións, contribuír á prevención de incendios e impulsar unha xestión forestal sustentable desde unha perspectiva económica, ambiental e social

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, publicará o 10 de febreiro unha nova convocatoria de axudas para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta. En total, destinaranse a esta finalidade 2.125.000 euros, distribuídos nas anualidades de 2026 e 2027. Isto supón incrementar nun 50 % o orzamento para estas novas achegas, tendo en conta que o ano pasado destináronse 1,4 millóns a esta medida, tal como se reflicte nun informe sobre o que tomou razón hoxe o Consello do Goberno galego.

O reforzo financeiro previsto e a continuidade da intervención permitirán avanzar na superación do minifundismo forestal, mellorar a rendibilidade das explotacións, contribuír á prevención de incendios forestais e impulsar unha xestión forestal sustentable desde unha perspectiva económica, ambiental e social.

Así, a actuación dá continuidade ás dúas convocatorias anteriores destas mesmas achegas, correspondentes aos anos 2024 e 2025. Actualmente están en funcionamento 24 agrupacións, pero unha vez executada ao completo a convocatoria de 2025 estímase que se terán creado unhas 40 novas agrupacións, incorporando estas unha superficie forestal agrupada de máis de 4.800 hectáreas, co que o número total de entidades rexistradas roldará as 65.

Dúas liñas de subvención

A nova convocatoria contemplará dúas liñas de subvención. Por un lado, a destinada a apoiar a creación de agrupacións forestais de xestión conxunta, distinguindo dúas modalidades, básica e con base territorial. Inclúese tamén a posibilidade de transformación de agrupacións básicas en agrupacións con base territorial, favorecendo así a evolución cara a modelos de maior integración. Por outra banda, a segunda liña de axudas dirixese ás agrupacións forestais de xestión conxunta con base territorial xa inscritas no rexistro correspondente, co obxectivo de apoiar a realización de novos procesos e actividades orientadas á súa consolidación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, o que se persegue é facilitar a creación de novas agrupacións forestais; apoiar a consolidación das xa existentes; incrementar a superficie forestal xestionada de forma conxunta, e mellorar a capacidade organizativa, técnica e comercial destas entidades.

Beneficiarios

Os posibles beneficiarios son asociacións sen ánimo de lucro, sociedades civís, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís, sociedades de fomento forestal e outras entidades que teñan por obxecto a xestión conxunta de terras forestais en Galicia. A intensidade da axuda poderá acadar ata o 100 % do investimento subvencionable, cun límite máximo de 51.000 euros por entidade beneficiaria.

As actuacións subvencionables, que deberán executarse entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de xuño de 2027, abarcan un amplo conxunto de tarefas necesarias tanto para a creación como para a consolidación das agrupacións. Así, inclúen a identificación e impulso da iniciativa; os gastos de constitución e inscrición; a revisión do parcelario e investigación da titularidade; a elaboración de cartografía; a implantación de sistemas de certificación forestal e a mellora da gobernanza e xestión interna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REMARCA A SÚA APOSTA POLOS CAMIÑOS RURAIS CON 19 M€ PARA O PERÍODO 2026-2027

- O Consello do Goberno galego avaliou un informe sobre esta iniciativa, que se vén realizando desde o ano 2016 e que ata o de agora permitiu actuar en 6.668 camiños municipais, cunha lonxitude total de case 5.257 quilómetros e un importe de axudas de máis de 155.600.000 euros
- Os beneficiarios son todos os concellos de Galicia e serán subvencionables as actuacións de ampliación ou mellora dos camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou a varias entidades de poboación
- Estas axudas convocaranse mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* o 5 de febreiro, e o prazo para presentar as solicitudes por parte dos concellos será dun mes desde o día seguinte ao desa publicación

A Xunta destinará un total de 18.998.480 euros a financiar os concellos galegos para levar a cabo actuacións en camiños rurais no período 2026-2027. Será mediante unha nova liña de axudas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) e cuxa publicación está prevista para o 5 de febreiro. A partir dela, os municipios terá un mes para presentar as súas solicitudes.

Os beneficiarios destas achegas son todos os concellos de Galicia e serán subvencionables as actuacións de ampliación ou mellora dos camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou a varias entidades de poboación. Para estes efectos, enténdese por rede viaria as propias vías do asentamento e as que conecten entidades de poboación entre si ou coa rede principal.

As intervencións poderán ser de ampliación ou mellora. As primeiras, que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora da seguranza viaria, permitan o cruzamento de vehículos ou alargamentos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos. Tamén poderán incluír obras de incremento de lonxitude sempre e cando represente rematar nunha estrada ou noutro camiño.

Enténdese por actuacións de mellora aquelas que supoñan un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan. Terán tamén esta consideración as obras de mellora da drenaxe, da seguranza viaria, reforzo de noiros (con muros ou outras estruturas de contención), adecuación de obras de paso de cursos fluviais e reforzo de cunetas, así como a integración ambiental ou a mellora da sinalización.

Máximo, dous proxectos por concello

Cada concello poderá presentar ata un máximo de dous proxectos. Cada proxecto poderá comprender un máximo de tres actuacións. Para estes efectos, enténdese por actuación a intervención sobre un mesmo camiño, ou ben sobre varios, sempre e cando, neste último caso, as obras proxectadas teñan unha continuidade física. O orzamento de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

execución material de cada unha das actuacións deberá ser igual ou superior a 6.000 euros.

Para a selección das actuacións proxectadas utilizaranse diferentes criterios establecidos na normativa europea de aplicación. Así, teranse en conta aspectos como o número de habitantes da entidade de poboación á que dá acceso a actuación; proxectos que se desenvolvan en zonas de montaña; a calidade técnica do proxecto e as características da actuación e a conexión do camiño en que se proxecta a actuación con outra estrada.

Os fondos asígnanse para todos os concellos partindo de cantidades fixas que se modulan empregando criterios de localización, despoboamento, superficie do concello e un coeficiente de agrariedade, onde se empregan datos de carácter socioeconómico vinculados á actividade agraria, que é a que se prima desde a PAC, e que debe ser o eixe principal da actividade económica no rural. A asignación fixa por concello será de 24.550 euros, e a partir de aí amplíase o orzamento segundo outros criterios.

A Xunta vén actuando nesta materia desde o ano 2016, primeiro a través do Plan marco e logo do Plan camiña rural (a partir de 2025). Unha vez executada ao completo a convocatoria de 2025 para as anualidades 2025 e 2026, o global de actuacións levadas a cabo será de 6.668 camiños municipais, cunha lonxitude total de case 5.257 quilómetros e un importe de axudas de máis de 155.600.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN OBSERVATORIO DE PREZOS, UN PLAN DE CONTROL ESPECÍFICO E IMPULSARÁ A PROMOCIÓN E EXPORTACIÓNS DOS PRODUTOS GALEGOS ANTE O ACORDO UE-MERCOSUR

- Rueda salienta que forman parte dun amplo paquete de medidas a activar no curto e medio prazo “co obxectivo de dar certezas e estabilidade ao sector agrícola”
- Destaca que cómpre garantir que “calquera produto que entre en Galicia cumpre cos mesmos requisitos” que os que se elaboran na comunidade
- A Xunta solicitará ao Goberno central e á Comisión Europea que non activen de xeito provisional o acordo mentres non queden blindadas as garantías para agricultores e gandeiros do Regulamento de salvagardas
- Tamén se demandará incrementar a inclusión de máis DO e IXP protexidas galegas no marco do tratado
- Galicia impulsará unha fronte común coas organizacións profesionais agrarias e coas comunidades autónomas para defender os intereses do sector na futura PAC

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo autonómico vai poñer en marcha “unha serie de medidas, a curto e medio prazo, para dar certezas e estabilidade ao sector agrícola” en relación co acordo entre a Unión Europea e Mercosur e futura Política Agraria Común (PAC). Nesta liña, lembrou que hai que ter en conta que o tratado pode entrar en vigor de xeito provisional e sen as garantías explícitas no Regulamento de salvagardas, tras a decisión do Parlamento comunitario de elevar o acordo ante o Tribunal de Xustiza da UE.

Rueda salientou que a Xunta seguirá insistindo en que é fundamental que calquera tipo de acordo “garanta que todos os produtos agroalimentarios que entren en Galicia cumpren cos mesmos requisitos que os que se elaboran aquí”.

Entre as iniciativas máis destacadas figuran o desenvolvemento dun amplo plan de control específico en Galicia sobre os produtos importados e a posta en marcha do Observatorio de Prezos de Galicia. Rueda indicou que os controis realizados na comunidade vixiarán “a presenza de substancias non permitidas, as condicións sanitarias dos produtos ou a súa correcta etiquetaxe e trazabilidade” e explicou que xa se está a traballar nun observatorio para facer un “seguimento do mercado para os produtos agroalimentarios”.

Ademais, o presidente indicou que a Xunta tamén levará a cabo o reforzo da estratexia de promoción dos produtos galegos, de cadea de distribución curta e de proximidade; o desenvolvemento dunha estratexia de impulso a exportacións de produtos da nosa comunidade co fin de aproveitar as oportunidades dos novos mercados; ou a realización de campañas de sensibilización dos consumidores para incrementar o consumo da produción propia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, e a maiores das accións propias, solicitarase ao Goberno central e á Comisión Europea que non poñan en marcha de xeito provisional o acordo mentres non queden blindadas as garantías para os agricultores e gandeiros contempladas no Regulamento de salvagardas, actualmente sen aprobar, e demais cuestións aínda a debate no marco da UE. Tamén se lle pedirá ao Goberno un maior reforzo dos controis de fronteira e que defenda tamén a inclusión de máis DO e IXP galegas protexidas no acordo, posto que actualmente só hai contempladas dúas e Galicia é a terceira comunidade de España con máis indicativos de calidade certificada.

Así mesmo, pedirase á Comisión europea o incremento do fondo de continxencia para crise, así como unha maior dotación de financiación na PAC para paliar os posibles efectos sobre o sector primario europeo. Sobre este mesmo asunto, o decálogo de medidas tamén contempla o impulso a unha fronte ampla con organizacións profesionais agrarias e con comunidades autónomas ante a futura PAC en defensa do sector primario, unha Política Agraria Común que debería contar con máis fondos, cos dous piares diferenciados e con menos requisitos e burocracia. "Os fondos non poden diminuír", reiterou Rueda.

Contacto continuo co sector

Cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural mantivo nas últimas semanas un contacto permanente cos diferentes axentes do sector primario para poder estudar, en conxunto, as implicacións do acordo UE-Mercosur para Galicia. Este paquete de dez medidas, ao que se lle poden sumar máis co paso do tempo, buscan protexer e defender os intereses dos agricultores e gandeiros galegos.

Outra actuación salientable será o reforzo da estratexia de promoción dos produtos galegos, de cadea de distribución curta e Km0. Farase a través de accións de apoio ao sector produtor, nos principais lineais de distribución e tamén por medio do fomento de feiras e actos que impulsen os produtos galegos, con especial fincapé naqueles con marca de calidade. Esta iniciativa complementarase coa realización de campañas de sensibilización dos consumidores respecto ao consumo de produtos galegos, que son emblema de bo facer, calidade e sustentabilidade social e ambiental.

Así mesmo, implementarase unha estratexia de impulso a exportacións de produtos galegos, especialmente daqueles sectores que poden aproveitar máis a oportunidade do acordo UE-Mercosur, como poden ser, por exemplo, os queixos ou o sector vitivinícola.

Implicacións do acordo para Galicia

O acordo ten implicacións que deben ser analizadas con atención, especialmente no caso de Galicia, pois é unha rexión cun sector agroalimentario altamente desenvolvido e cunha importante concentración de explotacións familiares, que por outro lado son cada vez máis modernas e punteiras. Por tanto, este paquete de medidas específico responde á defensa e impulso do sector primario galego que vén facendo a Xunta de Galicia de xeito constante ante novos escenarios.

No informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta sinálase que as oportunidades do acordo UE-Mercosur para Galicia céntranse principalmente en exportacións de produtos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de alta calidade, acceso a materias primas para o gando máis económicas ou cooperación e transferencia tecnolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS POLÍTICAS DE INTERNACIONALIZACIÓN DA XUNTA PERMITIRON ÁS EMPRESAS MARÍTIMO-PESQUEIRAS AUMENTAR AS EXPORTACIÓNS, CREAR MÁIS EMPREGO E DIVERSIFICAR O MERCADO

- O estudo realizado con Clusaga avala que os esforzos da Consellería do Mar posicionan Galicia como unha das principais rexións europeas na transformación dos produtos e unha reputación internacional asociada á tradición e á calidade
- O documento, que analiza os datos desde o 2023 revela que a facturación das industrias obxecto da investigación aumentou preto dun 2 %, a súa capacidade exportadora un 4 % e o número de postos de traballo un 5 %

O Consello da Xunta de hoxe deu conta do *Estudo e análise da internacionalización do sector mar-industria galego*, que a Consellería do Mar elaborou conxuntamente co Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) no marco do convenio de colaboración que ambas as entidades subscribiron para seguir tecendo alianzas que posibiliten ás empresas orientar a súa produción a novos mercados comerciais e obter un maior retorno económico recoñecemento social dos seus produtos.

O documento, realizado no 2025, abrangue o período temporal 2023-2024 por seren exercicios con datos pechados, e revela que as políticas de internacionalización impulsadas polo departamento autonómico permitiron ás empresas marítimo-pesqueiras aumentar as exportacións nun 4 %, o número de empregos nun 5 % e diversificar o mercado, acadando un incremento na facturación de preto do 2 %.

Precisamente, na epígrafe de avaliación e valoración dos esforzos da Consellería en termos de apoio á internacionalización, o 84 % das enquisadas afirman que as actividades da Xunta teñen un impacto positivo na mellora dos resultados económicos e, por tanto, no crecemento empresarial. Así, o 71 % confirma un incremento no volume de vendas xeradas a través de novos acordos comerciais, dos que un 15 % derivan directamente da presenza nas feiras promovidas por Mar. Un contexto que é consecuencia da facilidade de contacto que achegan este eventos entre empresas, acadando un rexistro de 12.572 contactos durante a asistencia a eles nos dous últimos anos.

A este respecto, o estudo indica que esta interlocución tamén foi decisiva para que se formalizasen un total de 1.861 novos contratos ou acordos comerciais, sendo a media desta conversión contacto-contrato dun 14,8 %.

Presenza no exterior

Polo que respecta á identificación de mercados, as empresas destacan unha maior presenza en Italia, Portugal, Francia, Alemaña e Estados Unidos; considerando como mercados obxectivos, sexa por consolidación ou introdución, Estados Unidos (principal prioridade), Unión Europea (Italia, Francia, Alemaña, Portugal), Asia (Xapón e China), Canadá e o Reino Unido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O estudo conclúe que Galicia se consolida, grazas á estratexia de internacionalización da Xunta, como un referente internacional en produtos marítimo-pesqueiros de alto valor engadido, reforzando o seu peso económico, a súa influencia comercial e a súa imaxe exterior. Así mesmo, grazas a feiras promovidas pola Consellería do Mar, afiázanse como un instrumento estrutural de competitividade, ao presentar unha elevada eficiencia custo-beneficio e unha clara capacidade de arrastre sobre o conxunto do sector.